RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE INTERPRETACIÓN E DANZA

Criterio	4 - Excelente	3 - Ben	2 - Regular	1 - Precisa mellora
1 Expresión libre e disfrute da actividade (Capacidade de expresarse con naturalidade, sen inhibicións, con interese e confianza)	Exhíbese con soltura, sen medo ao erro, transmitindo disfrute e seguridade.	Mostra interese e participa activamente, aínda que con algunhas dúbidas iniciais.	Precisa máis confianza en si mesmo/a, exprésase con certa rixidez.	Amosa inhibición e pouca implicación na actividade.
Observacións:				
2 Técnica e execución (Coordinación, ritmo, pulso, precisión dos movementos)	Mantén un excelente control técnico, bo ritmo, execución precisa e fluída.	Cumpre coa maior parte dos aspectos técnicos, aínda que con pequenas imprecisións.	Ten dificultades para manter o ritmo ou a coordinación, precisa máis práctica.	Non logra manter a precisión técnica nin a coordinación requirida.
Observacións:				
3 Aplicación da expresividade e emoción na interpretación (Uso axeitado da intensidade, dinámica e xestos para transmitir emocións. Corrección na intensidade dos golpes en execución musical e no movemento corporal.)	Aplica a intensidade de forma axeitada, con variacións dinámicas coherentes, golpes ben definidos e movementos expresivos.	Mostra boa intención expresiva, con intensidade xeralmente axustada, aínda que con algunhas imprecisións na dinámica e nos golpes.	Expresión limitada, con pouca variación na intensidade, golpes pouco definidos e movementos ríxidos.	Execución plana ou mecánica, sen axuste na intensidade nin na dinámica, con golpes e movementos descoordinados.
Observacións:				

Instrucións de uso:

- A rúbrica empregarase durante as sesións prácticas.

- As observacións específicas anotaranse nos espazos correspondentes.

- Pode complementarse cun diario anecdótico para cada estudante no apartado de observacións.